

**COMUNICADO Nº 197/23**  
**1 DE SETEMBRO DE 2023**

**APERTURA DE RECEPCIÓN DE OFERTAS PARA SER O EQUIPO  
CONSTRUCTOR E PREPARADOR OFICIAL DOS DOUS BECADOS DA FGA NO  
CAMPIONATO GALEGO DE AUTOCROSS JÚNIOR EN 2024**

A Federación Galega de Automobilismo abre o prazo de aceptación de solicitudes para ser o constructor que xestione os dous carcros dos becados da tempada 2024 no Campionato Galego de Autocross júnior.

O propósito desta nova beca é axudar aos deportistas de base galegos a que accedan a unha modalidade de profunda tradición en Galicia como é o autocross e que serve para mellorar as súas habilidades antes de probar noutros campionatos ou modalidades.

Os dous pilotos da tempada 2024 sairán dun proceso de selección cun xurado formado por especialistas nas modalidades. O vencedor da categoría júnior no Campionato Galego de Karting de 2023 participará sen aboar a taxa de inscrición como premio ao seu título.

Os constructores interesados neste proxecto de cara a tempada 2024 deberán cumprir os seguintes criterios:

- Dotar ao equipo da FGA de dous Carcross da modalidade júnior idénticos en todas as probas do Campionato Galego de Autocross e de nova fabricación.
- O alquiler destes dous Carcross deberá incluír a preparación do vehículo antes da proba e o mantemento durante e despois da mesma. Un mecánico asignado para os dous carcros.
- Gastos producidos por avarías que non sexan accidentes.
- 1 xogo de neumáticos por carreira.
- Gasolina e consumibles.

Prazo de presentación de solicitudes 20 de setembro de 2023 mediante presuposto

firmado, selado e enviado a fga@fga.es con un desglose dos custos por proba para todo o Campionato Galego de Autocross de 2024. Unha vez recibidas todas as ofertas tomarase a decisión, que será publicada na páxina web da Federación Galega de Automobilismo.

Unha vez seleccionado o constructor para a tempada 2024 publicaranse os criterios para a inscrición nesta beca orientada á promoción dun xoven talento galego.